

## **6. AVALIACIÓN**

### **6.1. Mínimos esixibles para unha avaliación positiva**

#### **6.1.1. Plástica**

##### **Primeiro e Segundo**

Coñecer a cor e as súas mesturas. Empregar técnicas de pintura con rotuladores, ceras e témperas. Empregar axeitadamente o espazo compositivo: cerca/lonxe, arriba/abaixo, diante/detrás de acordo co seu estadio madurativo.

##### **Terceiro e Cuarto**

Utilizar axeitadamente técnicas de mosaico, estampado e debuxo artístico e técnico. Empregar axeitadamente o espazo compositivo: cerca/lonxe, arriba/abaixo, diante/detrás de acordo co seu estadio madurativo.

##### **Quinto e Sexto**

Mestura das cores para obter as diferentes tonalidades. Utilizar axeitadamente técnicas de mosaico, estampado e debuxo artístico e técnico. Empregar axeitadamente o espazo compositivo: cerca/lonxe, arriba/abaixo, diante/detrás de acordo co seu estadio madurativo. Composición de murais mediante a técnica de colaxe e tonalidades das cores.

#### **6.1.2. Música**

##### **Primeiro e Segundo**

Discriminación auditiva dos parámetros do son. Interiorización do pulso a través do movemento corporal e a práctica instrumental. Interpretación vogal de cancións sinxelas.

##### **Terceiro e Cuarto**

Plasmado escrito dos parámetros do son. Interpretación vogal e instrumental de temas sinxelos. Coñecer figuras rítmicas e a colocación das notas no pentagrama en clave de sol.

##### **Quinto e Sexto**

Interpretación vogal e instrumental a partir de partituras sinxelas. Coñecer e identificar diferentes estilos musicais.

### **6.2. Instrumentos de avaliación**

Os instrumentos de avaliación para a Educación Primaria son:

- Observación sistemática do profesor.
- Participación nas distintas actividades de grupo da aula.
- Traballo persoal dentro da aula.
- As probas obxectivas ao longo do curso.
- Unha actitude positiva póla Música e a Educación Plástica e de superación das dificultades atopadas.

### **6.3. Criterios de promoción**

O alumno/a accederá ao curso ou etapa seguinte tendo en conta os seguintes criterios:

- ❖ Logrou os obxectivos que corresponden ao curso ou á etapa e alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes.
- ❖ equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente a consideración á información ou criterio do profesor- titor.
- ❖ Considerarase de suma importancia un mínimo grao de consecución das competencias matemática e de comunicación lingüística; sempre tendo en conta as características madurativas e específicas do alumnado e as medidas adoptadas cos mesmos durante o curso.

## **7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Na clase atoparemos entre o alumnado diversidade de intereses, actitudes e aptitudes. Polas características da aula de música en Primaria: número de alumnos en cada grupo, número de horas lectivas, etc. non é doado detectar as diferenzas, pero logo da observación e de intercambio de información con os titores, asesores pedagóxicos,... poderanse realizar as adaptacións pertinentes. Nas actividades de música podemos ofrecer unha graduación de dificultades, dende o máis elemental ata o máis complexo e elaborado. Nas partituras suxeridas pódense observar estas diferenzas.

A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible, nos termos que determine a consellería competente en materia de educación.

A intervención educativa terá en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito garantindo o desenvolvemento de todo el e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.